



Número de expediente: TR301L 2020/10-2  
ESCUELA CARNICEROS DE GALICIA, S.L.  
Parque Empresarial de Castro Riberas de Lea,4  
27260 Castro Riberas de Lea – Castro de Rei (Lugo)

Logo de examinar o expediente relativo á solicitude de inscrición/acreditación presentado pola entidade ESCUELA CARNICEROS DE GALICIA, S.L.

### SUPOSTOS DE FEITO

PRIMEIRO: A entidade ESCUELA CARNICEROS DE GALICIA, S.L.solicitou para o seu local sito no Parque Empresarial de Castro Riberas de Lea, 4, C.P. 27260 Castro Riberas de Lea – Castro de Rei (Lugo), a acreditación dos certificados de profesionalidade que se indican a continuación, para a súa inclusión no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (para 15 alumnos/as):

INAI0108 Carnicería e elaboración de produtos cárnicos  
INAI0208 Sacrificio, preparación da canal e despezamento de animais

SEGUNDO: Por parte da entidade ESCUELA CARNICEROS DE GALICIA, S.L achegouse a documentación esixida no artigo 6.2 do Decreto 106/2011, do 19 de maio.

TERCEIRO: O persoal técnico da xefatura territorial de Lugo efectuou a preceptiva visita ao centro e emitiu o correspondente informe, co visto e praxe do/a xefe/a territorial, en cumprimento do disposto no art. 6.3 do Decreto106/2011, do 19 de maio.

O xefe territorial ditou proposta de resolución en cumprimento do disposto no artigo 6.3 do antedito decreto.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A competencia para resolver o presente expediente correspóndelle á directora xeral de Formación e Colocación, de conformidade co establecido no art. 6º.3 do Decreto 106/2011, do 19 de maio.

SEGUNDO: Revisado o expediente, obsérvase que o centro de formación solicitante reúne as condicións e cumpre os requisitos mínimos esixidos no Decreto 106/2011, do 19 de maio, para os certificados de profesionalidade solicitados.

TERCEIRO: Tendo en conta que na tramitación do expediente se observaron as normas que para o efecto se establecen no Decreto 106/2011, do 19 de maio e na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas

Logo de ver a Lei 30/2015, de 9 de setembro, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, o Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a demais normativa de xeral aplicación.





## DISPOÑO

1. **ACREDITAR** as instalacións da entidade ESCUELA CARNICEROS DE GALICIA, S.L sitas no Parque Empresarial de Castro Riberas de Lea, 4, C.P. 27260 Castro Riberas de Lea – Castro de Rei (Lugo), para impartir os seguintes certificados de profesionalidade (para 15 alumnos/as):

INAI0108 Carnicería e elaboración de produtos cárnicos : como aula de xestión a única aula do centro sita no primeiro andar de 97,00 m<sup>2</sup>, como sala ou obradoiro de carnicería e elaboracións cárnicas a sinalada no plano como sala de despece de 172,98 m<sup>2</sup> e como almacén de carnicería e elaborados cárnicos a sinalada no plano como cámara auxiliar 2 de 71,40 m<sup>2</sup>

INAI0208 Sacrificio, preparación da canal e despezamento de animais : como aula de xestión a única aula do centro sita no primeiro andar de 97,00 m<sup>2</sup>, como sala de despece a sinalada no plano como sala de despece de 172,98 m<sup>2</sup> e como cámara frigorífica as sinaladas no plano como cámara auxiliar 1 de 20,08 m<sup>2</sup> ou a cámara auxiliar 3 de 56,88 m<sup>2</sup>

Asignándolle o número 2701563 no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Comunicarlle á devandita entidade que deberá cumprir as obrigas sinaladas nos artigos 15º e 16º da Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, no artigo 31º da Orde TAS/718/2008, de 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, de 23 de marzo e no artigo 7º do decreto 106/2011, e que as especialidades e os centro/entidade poderán causar baixa no rexistro polas causas previstas nos artigos 32º da devandita Orde TAS e no artigo 8º do Decreto 106/2011, do 19 de maio, así como por aquelas outras establecidas ou que se poidan establecer en disposicións de carácter xeral.

3. Notificarlle ás persoas interesadas a presente resolución para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira de Emprego e Igualdade, no termo dun mes contado dende a súa notificación, de acordo co establecido no artigo 121º, seguintes e concordantes, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Formación e Colocación

Zeltia Lado Lago

